



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### **PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A XESTIÓN DO ALBERGUE DE MAÑÓN**

#### **1.- OBXECTO .**

O presente prego ten por obxecto definir o alcance e as características xerais do réxime de xestión do albergue de Mañón.

#### **2.- SITUACIÓN E DESCRICIÓN DO LOCAL.**

O local destinado a albergue atópase no lugar de As Barreiras, parroquia de Mañón. - 15339 Mañón.

Está inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia como **albergue turístico de 2ª categoría.**

#### **Capacidade:**

11 Habitacións, para 20 prazas distribuídas da seguinte maneira:

1 cuarto dobre (Número 01)

6 cuartos individuais (Números: 11, 14, 16, 17, 18, 19)

4 cuartos colectivos con 3 prazas en cada un, total 12 prazas (Números: 12, 13, 15, 20)

#### **3.- CONDICIÓNS DO SERVIZO.**

1.- O Concello de Mañón será o que regule e interprete todas as cláusulas deste prego.

2.- O Concello designará un representante que faga o seguimento do grado de cumprimento das cláusulas deste prego por parte do adxudicatario do servizo.

3.- O adxudicatario comprometerase expresamente a observar cos usuarios do servizo a maior afabilidade e deferencia dentro dun trato cordial e respecto mutuo.

4.- O adxudicatario, no exercicio da súa actividade e en relación cos usuarios do servizo, quedará sometido á normativa vixente en materia de defensa dos consumidores e usuarios, sen prexuízo de calquera outra norma que lle fose aplicable.

5.- O adxudicatario quedará obrigado ó cumprimento da normativa en materia de venda e subministro de bebidas alcohólicas obrigándose, ademais, a non permitir a alteración da orde por parte dos usuarios nas dependencias do servizo.

6.- O horario de apertura e peche deberá respectar os horarios legalmente fixados para este tipo de establecementos, debendo estar aberto como mínimo de 15 de xuño a 15 de setembro. Para a realización de calquera actividade extraordinaria que non se axuste ao normal funcionamento do servizo das instalacións, o adxudicatario deberá solicitar previamente a súa autorización ó Concello.

7.- O órgano de contratación poderá esixirlle ao adxudicatario, o aboamento das facturas correspondentes aos consumos de subministro que resulten do funcionamento do chiringuito. Os consumos poderán calcularse de xeito proporcional ao consumo das instalacións, aplicándose unha porcentaxe estimada.

8.- O material auxiliar (vaixela, cristalería, cubertos e todo tipo de utensilios ou elementos funxibles) necesario para a prestación do servizo será achegado polo adxudicatario, que se obriga ademais a asumir por conta propia os gastos de reposición, reparación e mantemento do citado material.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

9.- A limpeza das instalacións, maquinaria e calquera outro medio auxiliar, así como do entorno exterior inmediato, será por conta do adxudicatario que se obriga ó seu mantemento permanente en perfecto estado de hixiene e limpeza.

10.- O adxudicatario comprométese á prestación do servizo percibindo dos usuarios a correspondente contraprestación económica, de conformidade coa lista de prezos que deberán estar ó público en lugar visible.

11.- O Concello resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento polo adxudicatario de todas as obrigas contidas neste prego de prescricións técnicas, así como no prego de cláusulas administrativas particulares, tendo o adxudicatario, ademais, o deber de facilitar ó Concello toda a información ou documentación que se lle solicite.

### 4.- INVENTARIO

1.- O material inventariable que o Concello poñerá a disposición do adxudicatario, será de uso exclusivo das instalacións, quedando prohibida a súa saída ao exterior.

2.- O adxudicatario deberá asinar a relación de medios que se lle asignen e comprometéndose a repoñer, no caso de perda ou deterioro, no momento da extinción do contrato, outros de igual calidade.

3.- O licitador propondrá os medios materiais que achegará a maiores dos inventariados e que considere necesarios para a prestación do servizo, estando obrigado a proporcionarlos no momento da formalización do contrato.

4.- O adxudicatario está obrigado a conservar en perfectas condicións os locais, instalacións, mobiliario, utensilios e aparellos propiedade do Concello, sendo pola súa conta as reparacións que se efectúen.